

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / ____		Sexo:	Home ☐	Muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



2

Proba A1

Vostede ten un amigo que é afeccionado á cociña e ao que lle encanta elaborar sobremesas orixinais. Despois de ver na televisión unha receita moi simple, decide escribirlle unha **mensaxe electrónica** para explicarlle como se elaboran as pastas de lima. Neste texto, de **200 palabras**, vostede ten que:

- Saudar o seu amigo e contarlle por que lle envía a receita.
- Dicirlle cales son os ingredientes e o tempo que vai necesitar.
- Explicarlle como se elabora o prato.
- Animalo a facer a receita e despedirse.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA

COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede ten unha amiga que vai facer unha reforma na súa casa. Despois de ler a seguinte información, decide mandarlle unha **mensaxe electrónica**. No texto, en **200 palabras**, ten que:

- Saudala e animala ante a decisión de facer a reforma.
- Darlle tres consellos que debe ter en conta antes de empezar as obras.
- Poñer un exemplo persoal para reforzar algún dos consellos.
- Ofrecerse a axudala e despedirse.

COMO REFORMAR O FOGAR SEN ROMPER A CABEZA

Claves para evitar problemas

- Non contrate un chapuceiro, mellor elixa un profesional con referencias.
- Se é un traballador autónomo, verifique o seu DNI ou NIF. Se é unha empresa, asegúrese de que estea dada de alta no imposto de actividades económicas.
- Elix a un equipo de profesionais con seguro de responsabilidade civil, xa que responderán polos danos extracontractuais (os que lles afectan aos veciños, aos locais...).
- Se a reforma é total ou pensa cambiar a cociña e o baño, deberá atopar unha vivenda alternativa ata que rematen as obras.
- Consiga varios orzamentos. Informarse e comparar prezos é o mellor xeito de atopar a mellor relación calidade-prezo.
- Solicite orzamentos detallados e por escrito: materiais, custo por unidade, tempo de man de obra... Unha vez aceptado o orzamento, calquera variación deberáselle notificar outra vez por escrito.
- Desconfíe dos orzamentos verbais e dos moi baratos. Para aclarar dúbidas, esixa que lle detallen o que inclúe o orzamento e o que non.
- Se debe pagar un adianto, aboe a menor cantidade posible. En ningún caso este sinal superará a metade do custo total.
- Non aboe o 100 % do importe da obra ata que as obras rematen de todo, mesmo se falta o máis mínimo detalle. Acorde efectuar unha parte do pagamento (por exemplo o 20 %) xusto ao final da obra.
- Unha vez que os traballos finalicen, revise polo miúdo os materiais empregados e mais o acabado final. Se o resultado non é o prometido ou se descubriu danos ou estragos, reclámelle á empresa.
- No intre do pagamento, débenlle entregar unha factura na que, ademais de toda a información dos traballos (descrición de tarefas, man de obra...), figure a identificación do cliente e da empresa. Tamén os detalles da garantía.
- Acepte a factura só cando coincida co orzamento. Se sufriu algunha variación e non lle foi notificada, pódese negar a pagala.
- Esixa facturas con IVE, datadas, seladas e asinadas por ambas as dúas partes. Sen IVE non hai garantía real nin opción de reclamar.



Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións: